PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
24 ABR. 2017
Núm. 2416

A Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais en Comisión**

5460 (10/POC-000946)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación da dársena do porto de Espasante, no concello de Ortigueira, as actuacións levadas a cabo por Portos de Galicia para a execución do proxecto de dragaxe presentado no ano 2013 e o prazo previsto, así como o investimento necesario para ese fin
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*

**Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión**

2.1 5532 (10/PNC-000532)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego das actuacións precisas para recuperar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*

2.2 6059 (10/PNC-000599)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre a continuación do Goberno galego coa elaboración periódica de información socioeconómica do sector pesqueiro, en concreto, das táboas input-output da pesca galega e das enquisas Ocupesca, co fin de achegala aos marcos decisorios europeos e estatal para a adopción de decisións máis xustas e equilibradas na materia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*

2.3 6405 (10/PNC-000647)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
24 ABR. 2017
Núm. 2416

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a realización pola Sra. conselleira do Mar da reunión solicitada en marzo de 2015 polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa para dar resposta ás cuestións formuladas en relación co marisqueo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*

2.4 6772 (10/PNC-000685)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a execución dos traballos de dragaxe do porto de Espasante antes do remate de 2017
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017*

2.5 6778 (10/PNC-000687)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de flexibilizar a normativa europea de control de frotas no exterior, no referido á dobre sanción que poden padecer os buques europeos no caso de cometeren infraccións no desenvolvemento da súa actividade pesqueira
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017*

2.6 7424 (10/PNC-000766)
Grupo Parlamentario de En Marea
Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a demanda ao Goberno de España da creación dunha xestora encargada do estudo das condicións destinadas a beneficiar o futuro do sector pesqueiro ante o "Brexit"
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017*

2.7 7621 (10/PNC-000792)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego, en particular por Portos de Galicia, da provisión de fondos necesaria para executar o acceso sur da Guarda, en colaboración co concello e coa Deputación Provincial de Pontevedra
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
24 ABR. 2017
Núm. 2416

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**
**Marta Rodriguez Arias na data 24/04/2017 13:50:47**